

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201500008542
27/06/2015 11:34:14

RESOLUCIÓN REITORAL DO 27 DE MAIO DE 2015 POLA QUE SE DERROGA A RESOLUCIÓN REITORAL DO 12 DE MAIO DE 2014 POLA QUE SE ESTABLECEN AS EXENCIÓNS, AXUDAS E SUBVENCIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS POR SERVIZOS ACADÉMICOS NA UNIVERSIDADE DE VIGO

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do día 11), na exposición que fai sobre prezos públicos no seu capítulo 2º do título II, non recolle a posibilidade de exencións.

Pola súa banda a disposición adicional 19 da LOU, recollida na Lei 4/2007 establece que calquera redución de prezos públicos regulada pola Administración competente será compensada anualmente nos orzamentos da Universidade mediante transferencias.

Por iso estimase necesario establecer un sistema de axudas con cargo ao orzamento da Universidade para facilitar o estudo ao persoal que presta os seus servizos nela.

Así mesmo, verbo doutras entidades públicas, fíxase a posibilidade de recoñecer aos seus membros axudas ao estudo. En particular, ao persoal das universidades de A Coruña e de Santiago de Compostela, en virtude dun recoñecemento recíproco destas axudas sometido ao principio de compensación.

A estes efectos, mediante resolución reitoral, convocaranse axudas e subvencións para a matrícula do persoal das universidades galegas en estudos oficiais en cada curso académico.

Por outra banda, as exencións aplicaranse segundo o decreto polo que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria fixa os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para cada curso académico, e o establecido nas convocatorias de matrícula da Universidade de Vigo para estudos oficiais.

Todo isto motiva que sexa preciso deixar sen efecto as resolucións desta universidade que viñan establecendo as exencións, axudas e subvencións de prezos públicos por servizos académicos.

Así, por todo o exposto,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Derrogar a resolución reitoral do 12 de maio de 2014 pola que se establecen as exencións, axudas e subvencións de prezos públicos por servizos académicos na Universidade de Vigo, e a resolución reitoral do 4 de xullo de 2014 que a modifica.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, e de acordo cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, poderán, previamente, interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, tamén a contar desde o día seguinte á súa publicación, perante este órgano.

Vigo, 27 de maio de 2015

O REITOR,



Salustiano Mato de la Iglesia